

VIGO

## La Fundación Sales celebra el Día del Gato con un cuentacuentos scape room en el Arboretum

© Redacción 2 Semanas Ago 0 2 Mins



O venres 8 de agosto ás 18:00 h, a Fundación Sales, un espazo xa de seu petfriendly e acoledor, converterase no escenario da presentación da nova creación de Soledad García, a escritora recoñecida polos paseos literarios do Miñor, do Nadal de Vigo e URCO unha historia reciclada.

“Son Xena é o título do libro: unha gatiña da rúa, que pasa frío, busca comida e soña cun lugar seguro. Un día todo cambia. A historia de Xena está chea de imaxes evocadoras e onomatopeas, e convida a reflexionar sobre a importancia do programa CES (captura, esterilización e solta) dos gatos ferais e o papel fundamental das coidadoras”, explica a autora.

O evento terá formato de contacontos cun pequeno escape room, pensado para o público familiar. As prazas son limitadas e para inscribirse é necesario contactar coa Fundación Sales no teléfono 986 240 882 ou no correo: [info@salesxardin.com](mailto:info@salesxardin.com)

Con máis de 30 obras publicadas —16 individuais e 14 colectivas— e numerosos galardóns, Soledad García é unha das voces literarias actuais máis comprometidas na defensa da lingua, do patrimonio e dos dereitos dos animais.



Tagged: **NIGRÁN**